



Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “HOSTALERÍA MAR DE SANTIAGO III” DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.

Primeira.- OBXECTO DAS BASES. Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto de Obradoiro Dual de Emprego denominado “Hostalería Mar de Santiago III”, promovido polo Concello de Vilanova de Arousa, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da ORDE do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG nº 85 do 04-05-23), e nas Instrucións en relación co procedemento de selección do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

A selección do alumnado-traballador no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade. A entidade promotora no proceso de selección actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación de recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos na orde de convocatoria e nas instrucións da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación con data de 14/06/2023.

O dito proxecto foi subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en virtude de Resolución do 18-10-23 da súa Xefatura Territorial de Pontevedra (Expediente 36/00015/2023).

A data límite de inicio do proxecto, segundo dita resolución, será o 06/11/23, se ben este concello solicitou unha prórroga e foi admitida, para que o comezo teña lugar o vindeiro **24/11/23**.

As vinte (20) prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

- **10 prazas** na especialidade de **COCIÑA (Nivel 2). Código HOTR0408.**
- **10 prazas** na especialidade de **SERVIZOS RESTAURANTE/SERVIZOS BAR E CAFETERÍA (Nivel 2). Código HOTR0608/ HOTR0508.**

A entidade pretende levar a cabo formación en materia de cociña e de servizos de restaurante, bar e cafetería a través da confección de ofertas gastronómicas, menús, cartas ou outras ofertas





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

significativas, diferenciación das características dos alimentos e bebidas, cálculo de custos de materia primas, elaboración de diferentes xéneros culinarios; en definitiva elaborar ofertas gastronómicas con todas as medidas básicas de seguridade, dando prioridade aos pratos máis significativos das cocinas rexionais de España e da cociña internacional.

No que atinxe aos servizos de restaurante, bar e cafetería trátase de desenvolver os procesos de servizos de alimentos e bebidas en sala, servir viños e prestar información básica sobre os mesmos, elaborar e preparar pratos á vista do cliente, dispoñer de todo tipo de servizos especiais en restauración, como medidas máis importantes.

Publicidade das bases. As bases reguladoras do proceso de selección do persoal e alumnado traballador aprobadas polas entidades promotoras deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora e concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán na oficina de emprego correspondente. Cando se trate de programas de emprego, a Xefatura territorial competente deberá realizar os trámites oportunos para a publicación das bases na páxina web.

Asemade, os programas e obradoiros duais de emprego concedidos serán publicados de xeito informativo a través do Portal de Emprego de Galicia (empleo.xunta.gal), no que se indicarán os seguintes datos: Provincia, a entidade promotora, no seu caso, os concellos asociados, nome do proxecto, os certificados de profesionalidade que se imparten e o seu nivel.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes no modelo Anexo I-B para obradoiros duais de emprego.

Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS. Son obrigas dos seleccionados para formar parte no proxecto “Hostalería Mar de Santiago III” os seguintes:

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico prácticas.
- Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.- RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO. Dende o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos-traballadores seleccionados polo grupo de traballo serán contratados pola entidade promotora na modalidade de **contrato de formación en alternancia**. Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de estar vinculada mediante un





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

O persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

Os contratos de traballo dos alumnos/traballadores serán a **xornada completa** e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha **duración de doce meses**). Esa etapa de formación en alternancia coa práctica profesional terá unha duración de doce meses e estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

Os contratos de traballo do alumnado formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, **código 421-Formación**, e deberase facer constar a súa pertenza aos programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán mecanizados e comunicados ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través do aplicativo Contrat@ marcando a opción específica «ET/ CO/TE/FD» que figura a epígrafe «Datos específicos do contrato». Unha vez indicada esta opción, aparecerá un despregable que permitirá elixir de entre varias opcións a correspondente a «**Alumno/Traballador**», de conformidade co establecido no artigo 13.2 da Orde do 21 de abril de 2023.

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

REQUISITOS XERAIS: Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

REQUISITOS MÍNIMOS: As esixencias imprescindibles esixidas aos aspirantes a traballadores/alumnos do obradoiro de emprego son as seguintes.

- Ter 18 ou máis anos de idade.
- Estar desempleado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto.
- Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

REQUISITOS PREFERENTES. Terán preferencia as persoas que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:

- Emigrantes retornados
- Mulleres en xeral.
- Mulleres vítimas de violencia.
- Persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require una maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional.
- Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.
- Idoneidade ó posto de traballo segundo resulte da análise da súa vida laboral.

O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

A entidade promotora realizará a selección de entre a relación de persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego que deberá conter, sempre que sexa posible, tres persoas candidatas por posto.

CAUSAS DE EXCLUSIÓN: Serán causas de exclusión do proceso de selección dos alumnos/traballadores do obradoiro de emprego Hostalería Mar de Santiago III as seguintes:

- Incumprir os requisitos mínimos.
- Falta de documentación acreditativa.
- A participación noutro programa de emprego e formación nos últimos cinco anos.
- Falsear os datos do cuestionario.
- A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
- En todo caso, serán causa de exclusión do procedemento de selección ser persoa desempregada que non reúna os requisitos esixibles para poder asinar un contrato para a formación en alternancia.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada polo grupo de traballo, tramitarase a





Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

Concello de Vilanova de Arousa



registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

partir do vindeiro 02/11/2023:

- Ámbito xeográfico: Concello de Vilanova de Arousa, de non atoparse candidatos suficientes tres (3) por posto, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.
- Requisitos alumnos: Os requisitos establecidos na base cuarta.
- Número de candidatos a remitir: Tres (3) por posto.

Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a achega **imprescindible** dos seguintes **documentos**:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior titulación académica adquirida.
- Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).
- Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).
- Informe de Servizos Sociais en caso de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).

A recollida das **SOLICITUDES (Anexo II) realizaranse no Auditorio Municipal de Vilanova de Arousa publicando as dúas datas na web do Concello e no taboleiro de anuncios**. Tendo que presentar nese momento **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

As solicitudes e documentación pertinente será valorada conxuntamente polo grupo de traballo.

A **lista de candidatos** que pasan a fase de entrevista, exporase na entidade promotora e na páxina web do Concello.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN. O proceso de selección será acorde aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

ENTREVISTA PERSOAL: O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. A dita entrevista que non será eliminatoria e terá un valor máximo de **10 puntos**.

Pasarán á fase de entrevista os candidatos, enviados pola oficina de emprego, que realicen a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

Se, unha vez avaliadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por praza, o grupo de traballo poderá citar a mais candidatos para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

Despois de rematada esta parte, deben facerse públicas as puntuacións no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web da entidade promotora.

Complementarase cunha segunda fase de **AVALIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E PROFESIONAIS DOS CANDIDATOS**, por medio dun baremo, Anexo I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de **12 puntos**.

Polo que respecta á parte correspondente ao procedemento de baremación de méritos obxectivos, cada entidade promotora establecerá nas bases un baremo obxectivo por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego. Terase en conta se a persoa candidata **participou con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego**, xa que non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do grupo de traballo. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo.

Exporase a relación provisional de ambas puntuacións (entrevista e avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos) nos taboleiros da entidade promotora e na páxina web do Concello. Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos-traballadores propostos, a entidade promotora deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpran con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprira os ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL E CONTRATACIÓN. Finalizadas as referidas actividades selectivas, o grupo de traballo na correspondente sesión, procederá á súa cualificación final (titular da especialidade/suplente/non seleccionado/non presentado). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta nos taboleiros da entidade promotora e na páxina web do Concello.

As persoas seleccionadas como alumno-traballador serán contratadas pola entidade promotora, dende a





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade do contrato de traballo para a formación e aprendizaxe ou do que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES. Os criterios para dirimir os empates, en cada unha das fases do proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

- 1º. Teñan o menor nivel académico.
- 2º. Teñan a maior idade.
- 3º. Teñan menor protección de desemprego.
- 4º. Non haber participado con anterioridade nun obradoiro de emprego.
- 5º. Os que teñan menor experiencia laboral.

Novena.- LISTA DE RESERVA. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederáse a iniciar un novo procedemento selectivo.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS. De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG nº 85 do 04-05-2023) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Undécima.- COMPETENCIA. As presentes Bases se aproban pola Alcaldía de Vilanova de Arousa no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL; 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Vilanova de Arousa, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE,
Gonzalo Durán Hermida.

DOU FE.O SECRETARIO XERAL,
Javier Bouzada Romero.





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069



Secretaría Xeral

ANEXO I

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO (máx. 15,00 puntos).

CRITERIOS		PUNTOS
IDADE	De 18 ata 29 anos.	01,00
	De 30 ata 44 anos.	02,00
	De 45 ou máis.	03,00
DISCAPACIDADE ≥ 33% (Sempre que poidan realizar os traballos)		01,00
TEMPO DE DESEMPREGO dende o último traballo.	Menos de 12 meses.	01,00
	Máis de 12 meses.	02,00
PROTECCIÓN DE DESEMPREGO.	Perceptores de desemprego.	01,00
	Non perceptores.	02,00
Colectivos DESFAVORECIDOS ou en risco de exclusión social.		01,00
NIVEL DE FORMACIÓN ACADÉMICA	Ata graduado en ESO.	03,00
	Bacharelato / BUP e FP ciclo medio.	02,00
	FP de ciclo superior.	01,00
	Títulos Universitarios.	00,50
PARTICIPACIÓN EN OBRADOIROS antes dos cinco anos previos á realización deste obradoiro "HOSTALERÍA MAR DE SANTIAGO III"		A NON participación noutro obradoiro de emprego
		03,00

De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente.





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

Concello de
Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069



Secretaría Xeral

ANEXO II

SOLICITUDE ALUMNOS-TRABALLADORES DO PROGRAMA DE EMPREGO
““HOSTALERÍA MAR DE SANTIAGO III””.

Apelidos:.....
Nome:.....
DNI:.....
Data nacemento:.....
Idade:.....
Teléfono:.....
Enderezo:.....
Nº:.....
Piso:.....
Concello:
C.P.:
Provincia:.....
E-mail:.....

- FORMACIÓN ACADÉMICA. Indica a titulación que posúes na actualidade: Formación profesional básica.....
Graduado en ESO
FP1 ou Ciclo medio de
BUP
COU
Bacharelato.....
FP2 ou Ciclo superior de
Proba Acceso: CM.....CS.....
Proba de Acceso á universidade para maiores de 25 anos:.....
Diplomado.....
Licenciado.....
Grao.....
¿Realiza estudos na actualidade?
Cales ?.....

- COMPETENCIAS CLAVE establecidas para os Certificados de Profesionalidade?
- Competencia Matemática.....Nivel 2..... Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Castelá.....Nivel 2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Galega.....Nivel 2..... Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés)..... Nivel 2..... Nivel 3.....

- CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (Inem, Xunta Galicia).
-Centro.....Curso.....Duración:.....meses,anos
- Centro.....Curso.....Duración:.....meses, anos





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán



Secretaría Xeral

-Foi ALUMNO dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?.
NO:.....SI.....¿cal?.....¿cando fixo o obradoiro). Data:.....

- ¿POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO?.....

- ¿QUE ESPERA OBTER CON ESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?.....

- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione os distintos traballos realizados:.....

- ASINOU ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXEFORMACIÓN?.....

- ¿TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE INSERCIÓN?.....

En caso afirmativo, está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu itinerario?.....
Especialidade?.....

- ¿PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?.....

- PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA.....).....

- ¿PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL?(En caso afirmativo, terá que acreditarlo)





Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal
sede.vilanovadearousa.gal
www.vilanovadearousa.gal



Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Secretaría Xeral

- ¿POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?..... INDÍQUEA (En caso afirmativo, terá que acreditarlo),.....

-¿CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE FAMILIAR?.....
Cantos teñen ingresos?.....

-¿POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE?.....
.....
.....

Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos.

En Vilanova de Arousa, asino a presente aos efectos pertinentes.

Sinatura:

